



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



## **CIRCULAR 7/2008, DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS, PARA A ORGANIZACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS ENSINANZAS DE BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS, NAS MODALIDADES PRESENCIAL E A DISTANCIA, NOS IES E CENTROS EPA AUTORIZADAS PARA IMPARTILAS, NO CURSO 2008/09.**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou as ensinanzas de bacharelato presencial para persoas adultas na Orde do 5 de xullo de 2006 (Orde pola que se modifica a do 14 de abril de 1999, pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 26 de xullo de 2006). Igualmente, regulou o bacharelato para persoas adultas pola modalidade a distancia por orde do 26 de abril de 2007, DOG do 8 de maio, establecendo un bacharelato a distancia con titorías telemáticas e un bacharelato a distancia semipresencial, no que o alumnado recibe atención do profesorado a través de titorías presenciais.

O propósito das ordes citadas é brindar unha atención educativa adaptada ás diversas condicións e circunstancias das persoas adultas, achegando a cada persoa o tipo de interacción axeitado para cursar con éxito os estudos de bacharelato.

Con data 23 de xuño de 2008 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 126/2008, de 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese a nova ordenación curricular do bacharelato e as modalidades polas que se pode cursar. Na súa disposición adicional cuarta, establécese as condicións nas que o alumnado procedente do bacharelato ordinario se pode incorporar ao bacharelato para persoas adultas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desenvolveu o establecido no decreto mencionado na Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta, DOG do 27, e na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27. Estas normas teñen carácter supletorio para todo o non establecido explicitamente para o bacharelato para persoas adultas.

Para regular a implantación do bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, adaptándoo á normativa antes citada e para unificar criterios de funcionamento nos centros que o imparten, a dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais resolve ditar as seguintes instrucións para o curso 2008/2009.

### **O BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS. ASPECTOS COMÚNS**

#### **1. Condicións de acceso ao bacharelato para persoas adultas.**

##### **1.1. Requisitos de idade.**

a) Poderán matricularse nas ensinanzas de calquera das modalidades do bacharelato a distancia todas as persoas maiores de dezaioito anos, ou que os cumpran antes do 31 de decembro do ano 2008.

b) Tamén poderán matricularse aquelas persoas maiores de dezaseis anos que teñan un contrato laboral en vigor ou sexan deportistas de alto nivel. Calquera destas circunstancias deberá ser acreditada documentalmente á hora de formalizar a matrícula.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, blo�ue 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



c) A dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar, previo informe da inspección educativa, a matriculación no bacharelato pola modalidade a distancia do alumnado maior de dezaseis anos que non poida asistir regularmente a un centro ordinario por enfermidade ou impedimento físico, e do alumnado interno en réxime pechado nun centro de reeducación de menores baixo a custodia da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar. Nestes casos, as ensinanzas seguidas por este alumnado terán a consideración de ensinanzas ordinarias desenvolvidas nun centro con ensinanzas para persoas adultas.

## **1. 2. Requisitos académicos**

Primeiro de bacharelato. Poderán matricularse nas ensinanzas de primeiro de bacharelato as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Posuír o título de graduado en educación secundaria.
- b) Estar en posesión do título de técnico correspondente á formación profesional específica de grao medio.
- c) Estar en posesión do título de técnico deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de grao medio.
- d) Ter aprobado o segundo curso do bacharelato unificado e polivalente ou, como máximo, con dúas materias non superadas.
- e) Posuír o título de técnico auxiliar de formación profesional de primeiro grao.
- f) Ter superados os estudos do primeiro ciclo do programa experimental de reforma das ensinanzas medias (REM).
- g) Ter superados os cursos comúns dos estudos de artes aplicadas e oficios artísticos.

Segundo de bacharelato. Poderán matricularse nas ensinanzas de segundo de bacharelato as persoas procedentes de réximes de ensinanzas extinguidos que cumpran algún dos requisitos académicos seguintes:

- a) Ter superado o terceiro curso do bacharelato unificado e polivalente e título de bacharel. Os alumnos nestas condicións poderán matricularse en calquera modalidade de bacharelato, independentemente da especialidade pola que cursaron terceiro de BUP.
- b) Ter superado terceiro curso de formación profesional de segundo grao (réxime de ensinanzas especializadas).
- c) Ter superado segundo curso de formación profesional de segundo grao (réxime xeral).
- d) Ter superado primeiro curso dunha modalidade de bacharelato experimental.
- e) Ter superada a segunda especialidade ou título de graduado en artes aplicadas e oficios artísticos.

O alumnado que acceda ao bacharelato desde os ciclos formativos de grao medio e desexe validar algunha das materias cursadas deberalle solicitar á dirección do centro educativo a



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, blo�ue 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



correspondente validación, quen resolverá á vista da certificación académica dos estudos realizados e do establecido nos reais decretos dos correspondentes títulos.

### **1.3. Alumnado procedente do bacharelato ordinario.**

De acordo co establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 23 de xuño, o alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario conservará a cualificación positiva destas no réxime de persoas adultas.

## **2. Organización xeral**

- a) Segundo o establecido na disposición transitoria primeira da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27, durante o curso escolar 2008/09, as materias de primeiro curso de bacharelato impartiranse de acordo cos currículos establecidos no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 23 de xuño de 2008.
- b) Durante o curso escolar 2008/09, as materias de segundo curso de bacharelato, como se establece na orde citada no apartado anterior, impartiranse de acordo co currículo establecido no Decreto 231/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 275/1994, de 29 de xullo, polo que se establece o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 15 de xullo.
- c) Durante o curso escolar 2009-2010, de acordo tamén coa orde citada, as materias de segundo de bacharelato impartiranse de acordo cos currículos establecidos no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 23 de xuño de 2008.
- d) O alumnado que, segundo establece esta circular, poida continuar e rematar os estudos de bacharelato durante os cursos escolares 2009-10 e 2010-11 de acordo co establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo, integraranse nos mesmos grupos de alumnos que seguen as ensinanzas de bacharelato reguladas polo Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 23 de xuño de 2008, e seguirán as ensinanzas reguladas no Decreto 231/2002, do 6 de xuño.

## **3. Condicións de matriculación no curso 2008-09**

- a) O alumnado que no curso 2008-09 se incorpore ao bacharelato para persoas adultas a distancia, telemática ou semipresencial, sen ter materias superadas de primeiro curso, matricularanse de materias de 1º curso exclusivamente. Na modalidade presencial, o alumnado matricularase como máximo das materias que integran o bloque primeiro.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- b) O alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas a distancia, telemática ou semipresencial, con primeiro curso superado, matricularase de segundo curso completo ou de materias deste. Se nas mesmas condicións se incorpora ao bacharelato presencial para persoas adultas, poderá matricularase das materias de segundo curso integradas no segundo bloque e, se existe compatibilidade horaria, doutras materias do terceiro bloque, ata completar os 22 períodos lectivos de carga horaria máxima nesta modalidade de bacharelato.
- c) O alumnado que curse durante o ano escolar 2008-09 segundo curso completo de bacharelato para persoas adultas ou materias de segundo, poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
- d) Igualmente, o alumnado que cursou e superou ata o final do curso 2007-08 bloques de materias ou materias illadas do bacharelato para persoas adultas poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
- e) Alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas de primeiro curso cursadas no bacharelato ordinario:
  - Se no bacharelato ordinario estivera ao comezo do ano escolar 2008-09 en disposición de promocionar a segundo curso (é dicir, con dúas materias non superadas como máximo), acollerase ao establecido no apartado c) deste punto.
  - Se no bacharelato ordinario non estivera en disposición de promocionar a segundo curso, deberá cursar o resto das materias de primeiro curso de acordo co establecido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Se este alumnado se incorpora ao bacharelato presencial de adultos, só poderá matricularse das materias do bloque 1º ou das de 1º curso incluídas no bloque segundo de materias.
- f) As diversas circunstancias de matriculación do alumnado aparecen recollidas nos Anexos V e VI desta circular.

#### 4. Avaliación

- a) A avaliación do alumnado de cada materia será responsabilidade a todos os efectos do departamento didáctico correspondente do centro autorizado para impartir estas ensinanzas.
- b) Cada departamento didáctico, de acordo coa súa programación, determinará os contidos de referencia do currículo que serán obxecto de cada avaliación, a secuencia da súa ensinanza e calquera outra circunstancia que lle facilite ao alumnado o logro dos obxectivos propostos.
- c) Realizaranse, como mínimo, tres avaliacións de carácter formativo ao longo do curso. Rematado o período lectivo, e coincidindo coa sesión da última avaliación, procederase á realización da avaliación final do alumnado.
- d) O alumnado que non se presente a algunha ou a todas as avaliacións parciais poderá presentarse directamente ás avaliacións finais ordinaria ou extraordinaria.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- e) O alumnado matriculado en materias de segundo curso que teña materias de primeiro non superadas, terá dereito cada ano académico a dúas avaliacións destas últimas:
- Unha ordinaria, que se celebrará na segunda quincena de maio para o alumnado que teña a posibilidade de acceder ao título de bacharelato na convocatoria ordinaria, e no mes de xuño para o resto do alumnado.
  - Unha extraordinaria, que se celebrará no mes de setembro.
- f) As materias en que o alumnado obteña cualificación positiva consideraranse definitivamente superadas.
- g) Para as posibles reclamacións do alumnado sobre as cualificacións obtidas nas avaliacións aplicarase o disposto para as ensinanzas do bacharelato de réxime ordinario.

## BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS PRESENCIAL

### 5. Horario

- a) O horario do bacharelato para persoas adultas, na modalidade presencial, impartirase, con carácter xeral, entre as dezoito horas e as vinte e tres horas, de luns a venres. Dentro deste período de horario máximo, o centro establecerá o seu propio horario lectivo e os posibles períodos de descanso, atendendo, na medida do posible, as necesidades específicas do alumnado e as posibilidades e servizos do entorno no que se sitúa o centro.
- b) Dentro do horario establecido, impartiranse como máximo cinco períodos lectivos diarios.

Para favorecer a conciliación da vida laboral coa vida familiar e racionalizar na medida do posible o horario do alumnado e do profesorado, o centro poderá concentrar como máximo na mesma xornada lectiva dous períodos lectivos da mesma materia.

### 6. Organización xeral.

- a) O bacharelato de adultos presencial impartirase en tres bloques de materias, cada un deles nun curso escolar. A distribución das materias nas diferentes modalidades de bacharelato é a que figura como anexos 1 a 4 desta circular.
- b) Durante o curso escolar 2008-2009 poderán impartirse con carácter xeral os tres bloques de materias citados en todos os institutos que teñen autorizadas estas ensinanzas.
- c) As materias do primeiro e do segundo bloques que pertencen a primeiro curso de bacharelato, de acordo co establecido na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27, impartiranse de acordo cos currículos establecidos no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 23 de xuño de 2008. As materias dos segundo e terceiro bloques que pertencen ao segundo curso de bacharelato, como se establece na lexislación citada, impartiranse de acordo co currículo establecido no Decreto 231/2002, do 6 de xuño.
- c) Os alumnos que accedan ao bacharelato de adultos presencial poderán matricularse:



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- Dun bloque completo de materias.
- De materias illadas correspondentes a diferentes bloques, sempre que exista compatibilidade horaria e non se superen os 22 períodos lectivos máximos establecidos para esta modalidade de bacharelato.

### 7. Matrícula.

- a) O prazo de inscrición para acceder ás ensinanzas de bacharelato para persoas adultas será ata o 30 de setembro de 2008.
- b) Coa finalidade de facilitar a adecuación do itinerario formativo de cada alumno ás súas posibilidades de escolarización, durante o primeiro trimestre do curso o director do centro, en función das posibilidades do mesmo, poderá autorizar a ampliación ou a anulación da matrícula por materias. A tal fin, os alumnos que desexen cursar materias non incluídas no primeiro bloque deberán matricularse inicialmente só nas materias correspondentes ao primeiro dos bloques. Unha vez coñecidos os horarios poderán ampliar a matrícula co resto das materias, sempre que poidan asistir semanalmente a máis do 65 por cento das horas lectivas das mesmas, agás no caso de materias de dúas sesións semanais que será de máis do 49 por cento.

### 8. Perda do dereito de avaliación continua.

A falta de asistencia reiterada ás actividades lectivas é motivo de perda do dereito de asistencia á clase e de avaliación continua nos seguintes casos:

- Nunha materia, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido ou cando o número de faltas de asistencia xustificadas ou sen xustificar a unha materia supere o 20% do horario establecido.
- En todas as materias, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido.
- Ao alumnado que perda o dereito a avaliación continua informaráselle da posibilidade de trasladar a matrícula para cursar o bacharelato a distancia.

## BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS A DISTANCIA

### 9. Recursos didácticos

- a) O alumnado de ambas modalidades de bacharelato a distancia recibirá unha guía do alumnado que oriente o seu traballo autónomo. Esta guía incluírá indicacións sobre a distribución temporal dos contidos das diferentes materias, os criterios de avaliación, orientacións metodolóxicas, as actividades que se van realizar, as datas de avaliación e calquera outra información que se considere de interese para a súa aprendizaxe. A elaboración e actualización destas guías será responsabilidade dos departamentos didácticos correspondentes, baixo a xefatura de estudos. O equipo directivo do centro correspondente tomará as medidas oportunas para que o alumnado reciba ou teña acceso a esta guía ao comezo do curso.
- b) Dada a natureza deste tipo de material e o proceso pedagóxico e tecnolóxico que implica a súa elaboración, o contido das guías electrónicas utilizadas no bacharelato a distancia con titorías telemáticas non poderá alterarse sen a autorización da dirección do centro.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



## **10. Incompatibilidade de matriculación entre as dúas modalidades de bacharelato a distancia**

O alumnado de bacharelato a distancia non poderá estar matriculado simultaneamente no bacharelato a distancia con titorías telemáticas e no bacharelato a distancia semipresencial.

## **11. Itinerarios formativos**

O alumnado que opte por cursar calquera das dúas modalidades do bacharelato a distancia poderá matricularse do número de materias que desexe de primeiro ou segundo curso, coas limitacións establecidas no punto 3 desta circular. En calquera caso, non se poderá matricular simultaneamente por primeira vez no bacharelato a distancia en materias coa mesma denominación nos dous cursos ou con contidos progresivos.

Cando un alumno cursara e non superara previamente a materia de primeiro curso, poderá matricularse de materias coa mesma denominación ou contidos progresivos. Neste caso, a avaliación da materia correspondente de segundo estará condicionada á superación previa da materia de primeiro.

## **12. Dedicación do profesorado**

O profesorado que imparta docencia nesta modalidade terá trinta horas semanais de permanencia no centro, das que ata vinte poderán ser lectivas, segundo se establece na Orde do 1 de setembro de 1987 (DOG do 11 de setembro). Enténdese por horas lectivas as titorías presenciais do bacharelato semipresencial e o tempo asignado ás titorías a distancia telemáticas, que deberán distribuírse no horario de cada profesor de luns a venres, ambos incluídos.

## **13. Funcións do titor**

Todos os alumnos e alumnas que cursen bacharelato a distancia terán asignado, no seu centro respectivo, un titor por cada unha das materias.

O profesor titor realizará as seguintes funcións:

- a) Responsabilizarse da tutela do alumnado e guialo na consecución dos obxectivos.
- b) Programar, estruturar e preparar os materiais didácticos complementarios que, xunto coa Guía do alumnado, organizarán o seu traballo autónomo.
- c) Informar o alumnado dos prazos para realizar a aprendizaxe dos apartados da materia que imparta.
- d) Atender, aclarar e solucionar as cuestións que o alumno formule sobre contidos propios das súas materias.
- e) Comunicar ao alumnado o programa de actividades que debe ir realizando día a día ao longo do curso, hora e lugar de realización de todas e cada unha das sesións de avaliación e toda aquela información que sexa do seu interese.
- f) Supervisar a realización dos exames parciais e finais que realice o alumnado.
- g) Remitir ao xefe de departamento informe pormenorizado sobre o rendemento académico de cada alumno nas titorías presenciais.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, blo�e 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- h) Facilitar ao coordinador destas ensinanzas ou ao xefe ou xefa de estudos, para a realización de informes, todos os datos solicitados referidos á súa función.
- i) Calquera outra función que lle sexa asignada polo xefe de estudos para este réxime educativo.

### 14. Departamento de orientación

As funcións do departamento de orientación nos centros educativos están reguladas no decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e na orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998.

As direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais fixan as prioridades e criterios de actuación que han de seguir os servizos de orientación educativa na circular que se publica para cada ano escolar.

### ASPECTOS ESPECÍFICOS DO BACHARELATO A DISTANCIA CON TITORÍAS TELEMÁTICAS.

### 15. Matrícula do alumnado

O alumnado que desexe cursar ensinanzas de bacharelato a distancia con titorías telemáticas poderá solicitar a matrícula destas ensinanzas no IES San Clemente de Santiago de Compostela entre o 1 e o 30 de setembro, por estes dous procedementos:

- a) Na páxina web da Consellería de Educación, [www.edu.xunta.es/xadeautomatri](http://www.edu.xunta.es/xadeautomatri) ou no portal educativo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es), no apartado de alumnado, no icono correspondente ao bacharelato a distancia, seguindo os seguintes pasos:
  - Completar os datos na páxina web.
  - Imprimir a folla de matrícula e a listaxe de documentación que deben presentar.
  - Introducir esta documentación no sobre de matrícula e, xunto coa documentación escrita esixida, entregalo na secretaría do IES San Clemente, de Santiago de Compostela ou dos centros de educación e promoción de adultos (EPA), que revisarán a documentación. Cando por razóns persoais o alumnado non se poida desprazar ata un centro EPA, o sobre de matrícula poderá remitirse por correo certificado á dirección postal do IES San Clemente: rúa San Clemente s/n, Santiago, 15705.
- b) Cando por razóns extraordinarias non se poida realizar a matrícula a través da páxina web da Consellería de Educación, entregárase a documentación de matrícula directamente na secretaría do IES San Clemente, de Santiago de Compostela.
- c) Cando a solicitude de matrícula sexa con posterioridade ás datas establecidas, a dirección do IES San Clemente poderá autorizar a matriculación nos seguintes casos:
  - Cando o alumno ou a alumna escolarizado/a en ensinanzas equivalentes polo réxime ordinario ou presencial de adultos acredite documentalmente un cambio na súa situación laboral que lle impida continuar os estudos con regularidade.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- En caso de enfermidade prolongada acreditada.
- Por outras circunstancias acreditadas que lle impidan continuar os estudos a través da oferta educativa ordinaria ou presencial de adultos.
- d) Igualmente, e mediante o mesmo procedemento, a dirección do centro poderá autorizar ata o 30 de abril a matrícula fóra de prazo daquelas persoas que, polas circunstancias enumeradas no apartado anterior, desexen incorporarse ao bacharelato a distancia e non procedan doutro réxime ou modalidade de bacharelato.
- e) Excepcionalmente, o alumnado que remate estudos de educación secundaria para persoas adultas no mes de febreiro poderá realizar a matrícula do 16 ao 28 dese mesmo mes.
- f) A relación do alumnado matriculado e excluído farase pública na páxina web do IES San Clemente, unha vez que estean comprobados os datos consignados e os aboamentos en concepto de seguro escolar ou de material didáctico, se os houber.
- g) O alumnado matriculado no bacharelato a distancia será considerado para todos os efectos alumnos oficiais, polo que terá dereito de acceso aos servizos e ás instalacións do centro, e quedará suxeito a todas as normas de funcionamento, así como, no caso de teren menos de vinte e oito anos, ao aboamento do seguro escolar obrigatorio.

#### **16. Titorías telemáticas e coordinación.**

A acción titorial característica do bacharelato de adultos a distancia realizarase a través da Aula Virtual do IES San Clemente, de Santiago de Compostela, utilizando os recursos dispoñibles das tecnoloxías da información. Eses recursos ofrecerán ao alumnado a posibilidade de xestión da súa propia axenda de actividade lectivas, o acceso aos materiais de información escrita e audiovisual relacionados coas súas materias de estudo e os mecanismos de comunicación e interacción cos seus titores e co resto do alumnado. Cando isto non sexa posible, e con carácter excepcional, a comunicación entre o alumnado e os titores correspondentes poderá realizarse por outros medios (teléfono ou correo ordinario).

- a) Para as titorías a distancia todos os alumnos terán asignado, no IES San Clemente, un titor por cada unha das materias.
- b) Os horarios que o profesorado dedique ás titorías a distancia estarán en función do número de alumnos matriculados en cada materia e de acordo co que regulamentariamente se determine.
- c) Cando a dispoñibilidade de medios persoais e materiais o permitan, a atención titorial telemática completarse coa atención individual telefónica.
- d) Ao inicio de curso publicaranse e comunicaranse ao alumnado o calendario de avaliacións, os servizos aos que ten acceso a través da Aula Virtual, o horario de atención telefónica se o houber e calquera outra información que poida ser relevante.
- e) As consultas realizadas ao titor ou á titora deberán ser resoltas e remitidas ao alumnado nun prazo máximo de vinte e catro horas despois da súa recepción. No



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, blo�e 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



caso de se recibiren en véspera de día non lectivo, deberán ser remitidas no inmediato día hábil seguinte.

O xefe ou xefa de estudos do IES San Clemente confeccionará o horario de dedicación do profesorado ás titorías a distancia para cada materia. Para organizar ese horario terá en conta a dispoñibilidade de medios técnicos e o número de profesores e alumnos.

O director ou a directora, por proposta da xefatura de estudos, nomeará un coordinador ou coordinadora de actividades de bacharelato a distancia, que terá unha redución dunha a seis horas semanais no horario lectivo. O coordinador ou coordinadora do bacharelato a distancia será o colaborador directo da xefatura de estudos en todos os asuntos relacionados con estas ensinanzas, preferentemente nas tarefas de realización e coordinación das probas escritas nos centros EPA, na coordinación do foro específico da aula virtual do centro e na coordinación de actividades nos centros penitenciarios.

### **17. Relación entre o bacharelato a distancia con titorías telemáticas e o bacharelato semipresencial no IES San Clemente.**

- a) A dirección do IES San Clemente trasladará a matrícula dun alumno matriculado nese centro no bacharelato semipresencial ao bacharelato con titorías telemáticas cando este non poida seguir asistindo ás titorías presenciais por haber completado o trinta por cento de faltas permitidas ou cando, con consentimento do alumno, entenda que esa modalidade se adapta mellor ás súas posibilidades de estudo.
- b) O alumnado matriculado no IES San Clemente no bacharelato semipresencial terá acceso aos recursos educativos da súa Aula Virtual. Igualmente, cando a dirección do centro o considere oportuno, o alumnado matriculado no bacharelato a distancia con titorías telemáticas poderá asistir ás titorías presenciais do bacharelato semipresencial.
- c) Para o mellor aproveitamento dos recursos materiais e de persoal do centro, o IES San Clemente poderá facer coincidir as avaliacións escritas do alumnado matriculado nas dúas modalidades do bacharelato a distancia.

### **ASPECTOS ESPECÍFICOS DO BACHARELATO A DISTANCIA SEMIPRESENCIAL.**

#### **18. Matrícula do alumnado**

O alumnado poderá solicitar a matrícula do número de materias que desexe, coas limitacións establecidas nos puntos 3 e 11 desta circular. En calquera caso, dada a obrigatoriedade de asistencia ás titorías presenciais no bacharelato semipresencial, a matrícula nas materias de segundo curso estará condicionada á compatibilidade horaria coas de primeiro. Para tal fin, o alumnado terá información previa sobre o horario desas titorías. Unha vez formalizada a matrícula, e se fose necesario, a dirección do centro informará o alumnado da necesidade de cambiar ou non a listaxe de materias elixidas.

#### **19. Prazos e procedemento de matriculación**

A solicitude de matrícula para o bacharelato a distancia semipresencial presentarse no centro onde o alumno queira seguir estas ensinanzas cos seguintes prazos:



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- a) Antes do comezo do prazo de solicitude de matrícula, o centro fará público o número de prazas dispoñibles en primeiro e segundo curso de bacharelato. Este número de prazas calcularase en función do cadro de persoal do centro e da oferta de prazas por aula, que será de setenta alumnos para esta modalidade, no caso dos centros EPA.
- b) Como norma xeral cada centro ofertará dous grupos de primeiro curso (un da modalidade de Humanidades e ciencias sociais e outro da de Ciencias e tecnoloxía) e dous de 2º (un de cada unha das modalidades citadas).
- c) Cando as dispoñibilidades de espazo o permitan o centro concentrará o alumnado de cada materia común e optativa nun só grupo.
- d) Se o número de solicitudes de matrícula excede das prazas ofertadas en cada centro, para a asignación desas prazas, o consello escolar aplicará estes criterios de preferencia, na mesma orde en que se enumeran:
  - I. Ter cursado e superado as ensinanzas conducentes ao título de Graduado en Educación Secundaria no centro onde se solicita a matrícula o ano escolar 2007-2008. Esta circunstancia será manifestada polo alumnado na súa solicitude de matrícula e acreditada polo propio centro.
  - II. Ter cursado o ano escolar 2007-2008 ensinanzas de bacharelato a distancia e recibido titorías presenciais no centro onde se solicita a matrícula. Esta circunstancia será manifestada polo alumnado na súa solicitude e acreditada polo propio centro.
  - III. A discapacidade que impida ou dificulte en alto grao a asistencia á modalidade presencial. Esta circunstancia será acreditada mediante fotocopia compulsada da certificación oficial do grao de minusvalía con descrición desta. Para a valoración deste punto o Consello Escolar poderá recadar a colaboración do xefe do departamento de orientación do centro.
  - IV. Estar cursando quinto ou sexto curso do grao profesional de música ou danza, en aplicación do Real Decreto 1577, 2006, BOE do 20/01/2007 e do Real Decreto 85/2007, BOE do 13/02/07. Esta circunstancia será acreditada mediante certificación oficial do conservatorio profesional de música ou de danza onde se estean cursando esas ensinanzas ou fotocopia compulsada da mesma.
  - V. Ter un contrato laboral vixente ou alta no réxime de traballadores autónomos. Esta circunstancia será acreditada mediante certificación do INSS de estar dado de alta na seguridade social na data da solicitude de matrícula ou mediante fotocopia compulsada da mesma.
  - VI. Ter obrigas familiares ineludibles que impidan a asistencia ao bacharelato presencial, que será acreditado mediante informe dos servizos sociais municipais ou da policía municipal onde o alumno ou a alumna resida, ou fotocopia compulsada deles.
  - VII. Menor renda persoal do alumno con ingresos ou da unidade familiar á que se pertenza. De conformidade co establecido no punto 10 do artigo 84 da



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxlpee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e nos artigos 95.1º, epígrafe k e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na solicitude de admisión os interesados autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual persoal do alumno con ingresos ou da unidade familiar na que convive, que será subministrada directamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola Axencia Estatal e Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos, no marco de colaboración entre ambas. A dita información será a que corresponda ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude.

No caso de que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña de datos da declaración da renda das persoas físicas do alumno con ingresos ou dos suxeitos integrantes da unidade familiar, estes deberán achegar certificación de haberes, ou calquera outro documento de cada un deles, correspondente ao último exercicio fiscal.

Na documentación de solicitude de matrícula, o alumno con ingresos propios ou os cónxuxes integrados na unidade familiar na que convive o alumno asinarán a autorización para que o órgano autorizado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Delegación provincial ou Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais) solicite da Axencia Estatal e Administración Tributaria os datos fiscais correspondentes.

- e) Cando se produza empate entre dous ou máis alumnos despois da aplicación dun deses criterios, se fose necesario, aplicarase o criterio da renda menor da unidade familiar para establecer a orde de prelación entre eles.
- f) O alumnado presentará a súa solicitude de matrícula no centro correspondente entre o 8 e o 19 de setembro. Deberá presentar os seguintes documentos:
  - Impresos de matrícula no que consignará os seus datos persoais e as materias das que desexa matricularse.
  - Fotocopia compulsada da certificación académica necesaria para facer efectiva a súa matriculación.
  - Certificación, ou fotocopia compulsada da mesma, de calquera das circunstancias enumeradas no apartado anterior. En calquera caso, a documentación correspondente á renda da unidade familiar.
- g) O día 23 de setembro publicarase no taboleiro do centro a listaxe ordenada do alumnado admitido, con indicación do criterio aplicado en cada caso, e a listaxe ordenada do alumnado non admitido.
- h) O alumnado poderá presentar reclamación sobre a listaxe publicada de adxudicación de prazas entre o día 24 e o 30 de setembro.
- i) O 2 de outubro publicarase a listaxe definitiva de admitidos. Os alumnos menores de vinte e oito anos entregarán xustificante de ter realizado o ingreso das taxas correspondentes ao seguro escolar antes do 15 de outubro.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, blo�e 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- j) As actividades lectivas do bacharelato semipresencial iniciaranse despois da publicación da listaxe provisional do alumnado admitido, e, en calquera caso, antes do 1 de outubro.

### 20. Perda do dereito de asistencia ás titorías presenciais

Se un alumno non asiste a ningunha das titorías presenciais das materias das que estea matriculado durante o primeiro mes, contado a partir do día en que estas comecen efectivamente, sen causa xustificada documentalmente, perderá o dereito de asistencia ás titorías presenciais. Unha vez transcorrido o prazo mencionado, tras a reunión do consello escolar, a dirección do centro comunicará ao interesado esa circunstancia para que presente xustificación documental da causa da súa non asistencia. En caso de que non presente esa xustificación ou de que a dirección do centro estime que non queda suficientemente xustificada, comunicarlle por escrito a perda do dereito á asistencia ás titorías presenciais e a súa baixa no bacharelato semipresencial. O alumno ou alumna será informado de que pode continuar estudos mediante o traslado da súa matrícula ao bacharelato a distancia con titorías telemáticas. O centro poderá matricular no bacharelato semipresencial o alumno ou alumna que ocupe o primeiro lugar entre os que non obtiveron praza.

### 21. Matrícula fóra de prazo

- a) Cando existan prazas dispoñibles no bacharelato a distancia semipresencial, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula fóra de prazo ata o 31 de marzo nos seguintes casos:
- Cando o alumno ou a alumna escolarizado/a en ensinanzas equivalentes polo réxime presencial ordinario ou de adultos acredite documentalmente un cambio na súa situación laboral que lle impida continuar os estudos con regularidade.
  - En caso de enfermidade prolongada acreditada.
  - Por outras circunstancias excepcionais acreditadas que lle impidan continuar os estudos a través da oferta ordinaria ou presencial de adultos. Para a valoración destas circunstancias a dirección recadará o informe do departamento de orientación educativa.
- b) Excepcionalmente, o alumnado que remate estudos de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas no mes de febreiro poderá realizar a matrícula do 16 ao 28 dese mesmo mes.

### 22. Titorías presenciais

- a) A atención do alumnado do bacharelato de adultos a distancia semipresencial realizarase fundamentalmente a través de titorías presenciais, que serán de dous tipos: titorías lectivas e titorías de orientación.
- b) As titorías lectivas dedicaranse a abordar co alumnado os aspectos fundamentais da materia correspondente, incidindo especialmente nos contidos procedementais. Estas titorías, que serán de asistencia obrigatoria para o alumnado, serán impartidas polo profesorado das distintas materias comúns, propias de modalidade e optativas nas que estea matriculado.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- c) A falta non xustificada de asistencia ao trinta por cento das titorías lectivas dunha materia suporá a perda do dereito ás avaliacións parciais da mesma que se realizan ao longo do curso, podendo o alumno presentarse exclusivamente á avaliación final. Non obstante, con carácter excepcional, e coa finalidade de facilitarlles ás persoas adultas a permanencia no ensino de bacharelato, cando se dean circunstancias acreditadas documentalmente que impidan asistir ás titorías dalgunhas materias, a Inspección educativa, logo do informe da dirección do centro e por petición do interesado, poderá autorizar a exención da obrigatoriedade de asistir regularmente a elas.
- d) O alumnado que perda o dereito ás avaliacións parciais dalgunha materia pola falta de asistencia ao trinta por cento das titorías presenciais poderá solicitar o traslado da súa matrícula á modalidade de bacharelato a distancia con titorías telemáticas. Este cambio será único ao longo do curso escolar. Cando a falta de asistencia mencionada se produza como mínimo na metade das materias das que estea matriculado, o centro correspondente notificaralle que a súa matrícula se traslada ao bacharelato con titorías telemáticas. Cando o número de materias nas que o alumno estea matriculado non sexa par, para calcular a metade sumaráselle un a ese número.
- e) Igualmente, a matrícula do alumnado que non se presente á primeira avaliación de ningunha das materias das que estea matriculado trasladarase ao bacharelato con titorías telemáticas.
- f) O equipo directivo do centro establecerá procedementos concretos de control da asistencia do alumnado ás titorías presenciais mediante sinatura do alumnado ou calquera outro mecanismo que permita a comprobación desa asistencia.
- g) O xefe de estudos asignará, no horario do centro, un período lectivo semanal de titoría lectiva a cada materia común, de modalidade e optativa das dúas modalidades de bacharelato impartidas no centro: Humanidades e ciencias sociais e Ciencias e tecnoloxía.
- h) Cando non exista profesorado no centro para a impartir algunhas destas titorías, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do Servizo de Inspección Educativa, nomeará para esta tarefa profesorado doutros centros con horario dispoñible, preferentemente dos institutos de educación secundaria próximos ao centro EPA.
- i) As titorías de orientación dedicaranse a solucionar as dúbidas que suscite no alumnado o estudo da materia e os problemas atopados no desenvolvemento do seu traballo autónomo, así como a realizar as orientacións que se aconsellen para o mellor aproveitamento do seu estudo. En cada centro ofertarase unha titoría de orientación con periodicidade quincenal nas materias comúns, de modalidade e optativas. Cando se elabore o horario do centro, o equipo directivo do mesmo poderá sinalar un mesmo período temporal de titoría de orientación para diferentes



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, blo�e 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



materias de bacharelato a distancia ou para diferentes niveis de ensinanzas de adultos.

- j) As titorías lectivas impartiranse, con carácter xeral, entre as dezoito trinta horas e as vinte e tres horas, de luns a venres. Cando polas necesidades do alumnado (horario laboral vespertino ou traballo en quendas) sexa conveniente establecer outro horario para estas titorías, o equipo directivo do centro realizará a proposta do novo horario, que deberá contar coa autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, logo do informe da Inspección Educativa, que considerará especialmente as circunstancias enumeradas antes. Este novo horario poderá establecerse, cando a dispoñibilidade do profesorado o permita, en quendas de mañá e tarde.
- k) O horario das titorías lectivas poderá concentrarse en tres días, para adaptarse mellor ás posibilidades de asistencia do alumnado adulto. Cando a dirección do centro considere necesaria esta concentración, solicitará autorización á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que poderá autorizala, logo do informe da Inspección Educativa.
- l) Cando un centro solicite simultaneamente os cambios de horario referidos nos anteriores apartados j) e k), a autorización, previo informe da Inspección Educativa, será realizada globalmente pola dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

### 23. Coordinación entre os centros.

Para promover a coordinación entre os centros que imparten o bacharelato a distancia semipresencial, os directores e as directoras deses centros constituirán a comisión de coordinación de centros. Esta comisión reunirse, cando menos, dúas veces ao longo do curso escolar, unha vez antes do inicio das actividades lectivas e outra ao final delas. Os membros integrantes da comisión elixirán un coordinador ou coordinadora para cada ano escolar, que convocará as reunións e redactará os acordos tomados.

A comisión coordinadora de centros realizará propostas, polo menos, sobre os seguintes aspectos:

- a) Criterios na aplicación das ensinanzas de bacharelato a distancia semipresencial, incluído un calendario común de avaliacións escritas.
- b) Modelos de documentos administrativos.
- c) Materiais didácticos, especialmente no referido ás guías do alumnado.

Igualmente, previo acordo dos membros da comisión de centros, o seu coordinador ou coordinadora poderá convocar reunións do profesorado pertencente a cada un dos departamentos didácticos para coordinar, entre outros temas, a programación das materias



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



correspondentes, a elaboración das probas escritas e o deseño e realización dos recursos didácticos que utilice o alumnado.

## **ASPECTOS ORGANIZATIVOS ESPECÍFICOS DOS CENTROS EPA**

### **24. Aspectos organizativos específicos dos centros EPA.**

- a) Durante o prazo de matriculación do alumnado de bacharelato a distancia con titorías telemáticas, as secretarías dos centros EPA recollerán os sobres de matriculación do alumnado que desexe seguir esas ensinanzas e que previamente terá completada a súa solicitude na aplicación de automatrícula, como se describe no punto 15 desta circular. O persoal da secretaría revisará previamente se a documentación incluída nos sobres se corresponde coa que se lle esixe ao alumnado de acordo coa normativa vixente.
- b) Para a realización das avaliacións do alumnado de bacharelato a distancia con titorías telemáticas que reside na comarca onde está situado o centro EPA, a dirección destes centros poñerá a disposición dese alumnado os locais axeitados. A vixilancia da realización das probas escritas será realizada polo profesorado do IES San Clemente desprazado para este efecto ata o centro EPA correspondente.
- c) Nos centros EPA, o director ou a directora, por proposta da xefatura de estudos, nomeará un coordinador de actividades de bacharelato a distancia, que terá unha redución dunha a tres horas semanais no horario lectivo.

## **ATENCIÓN DO ALUMNADO INTERNO EN CENTROS PENITENCIARIOS**

### **25. Atención do alumnado interno en centros penitenciarios**

O alumnado interno en centros penitenciarios que desexe seguir ensinanzas de bacharelato realizará a súa matrícula no IES San Clemente, na modalidade de bacharelato con titorías telemáticas.

O profesorado de educación secundaria que estea destinado nos centros EPA con sede neses centros penitenciarios prestará atención presencial a este alumnado, dentro das posibilidades do seu horario.

Como criterios de carácter xeral, para levar a cabo a atención deste alumnado terase en conta o seguinte:

- a) No mes de setembro, o equipo directivo do IES San Clemente manterá unha reunión co profesorado dos centros EPA con sede nos centros penitenciarios co fin de planificar a oferta educativa, coñecer o número de posibles alumnos e entregar a documentación de matrícula.
- b) Posteriormente, os profesores do IES San Clemente desprazaranse aos centros penitenciarios para informar o alumnado sobre o sistema de ensinanza a distancia, así como da organización do plan de traballo.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- c) Ao finalizar o primeiro trimestre do curso, os profesores responsables desta tarefa avaliarán o plan de traballo e os rendementos do alumnado para introducir as correccións que sexan convenientes e os plans de recuperación.
- d) Este mesmo proceso seguirase nas convocatorias da segunda e da terceira avaliación, así como nas probas finais para os alumnos que proceda.

O xefe de estudos e os profesores do IES san Clemente manterán contactos periódicos cos profesores dos centros EPA con sede nos centros penitenciarios, co fin de facilitar a mellor atención a este alumnado.

## AUTORIZACIÓN DE ENSINANZAS

### 26. Autorización de ensinanzas

Os centros autorizados para impartir ensinanzas de bacharelato para persoas adultas segundo o disposto na Orde do 8 de maio de 2002 (Orde pola que se regula a autorización de ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, DOG do 4 de xuño) e na Orde do 11 de maio de 2007 (Orde pola que se autorizan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas a distancia nas súas dúas modalidades no IES San Clemente de Santiago de Compostela e as de bacharelato de adultos a distancia semipresencial nos centros públicos específicos de educación e promoción de adultos, DOG do 6 de xuño) impartirán as modalidades de bacharelato reguladas na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27, e que son equivalentes ás que teñen autorizadas, de acordo cos seguintes puntos:

- a) Os centros autorizados para impartir a modalidade de Humanidades e ciencias sociais, segundo o currículo establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, impartirán a modalidade da mesma denominación, regulada na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27.
- b) Os centros autorizados para impartir a modalidade de Ciencias da natureza e da saúde, segundo o currículo establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, impartirán a modalidade de Ciencias e tecnoloxía (vía Ciencias), regulada na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27, sen impartir as materias de Tecnoloxía industrial I, Tecnoloxía industrial II e Electrotecnia.
- c) Os centros autorizados para impartir a modalidade de Tecnoloxía, segundo o currículo establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, impartirán a modalidade de Ciencias e tecnoloxía, regulada na orde citada nos puntos anteriores, impartindo as materias de Tecnoloxía industrial I, Tecnoloxía industrial II e Electrotecnia.
- d) Os centros autorizados para impartir a modalidade de Artes, segundo o currículo establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, impartirán a modalidade da mesma denominación, regulada na orde citada, vía de Artes plásticas, deseño e imaxe.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxpfe@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2008  
O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN  
PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS



Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez

ANEXO I

DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS POR BLOQUES NO BACHARELATO PRESENCIAL. CURSO 2008-09

MODALIDADE DE ARTES, VÍA DE ARTES PLÁSTICAS, DESEÑO E IMAXE.

	BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3
MATERIAS COMÚNS	Lengua castellana e literatura I (3 períodos lectivos)	Ciencias para o mundo contemporáneo (2 p. l.)	Lingua galega e literatura 2 (3 p. l.)
	Filosofía e cidadanía (2 p. l.)	Lingua galega e literatura I (3 pl)	Historia (4 p. l.)
	Educación Física (1 período lectivo)	Lengua castellana e literatura II (3 p. l.)	Filosofía II (3 p. l.)
		Lingua estranxeira I (3 p. l.)	Lingua estranxeira II (3 p. l.)
MATERIAS DE MODALIDADE	de 1º	Relixión (1 p. l.)	
		<b>Cultura audiovisual</b> (obligatoria) e dúas entre as tres seguintes:	
		Debuxo Artístico I (4 p. l.)	
		Volume (4 p. l.)	
		Debuxo Técnico I (4 p. l.)	
de 2º			
		Imaxe/Fundamentos deseño/Técnicas expresión gráfico- plástica/ Debuxo Técnico II (4 p. l.)	Debuxo artístico II (4 p. l.) Historia da Arte (4 p. l.)
MATERIAS OPTATIVAS	Materia optativa de 1º (4 p. l.)	Materia optativa de 2º (4 p. l.)	
	22 períodos lectivos	20 períodos lectivos	21 períodos lectivos

## ANEXO II

### DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS POR BLOQUES NO BACHARELATO PRESENCIAL. CURSO 2008-09 MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA

	BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3
MATERIAS COMÚNS	Lingua castellana e literatura I	Ciencias para o mundo contemporáneo	Lingua galega e literatura 2
	Filosofía e cidadanía	Lingua galega e literatura I	Historia
	Educación Física	Lingua castellana e literatura II	Filosofía II
		Lingua estranxeira I	Lingua estranxeira II
	Relixión		
MATERIAS DE MODALIDADE	Matemáticas I (obligatoria) e dúas entre as tres seguintes:		
	Física e química		
	Biología e Xeoloxía		
	Debuxo Técnico I		
De 2º		OPCIÓN A	OPCIÓN B
		Química/Debuxo Técnico II	Matemáticas II Física
			Biología Química
MATERIAS OPTATIVAS	Materia optativa de 1º	Materia optativa de 2º	
	22 períodos lectivos	20 períodos lectivos	21 períodos lectivos

**ANEXO III**

**DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS POR BLOQUES NO BACHARELATO PRESENCIAL. CURSO 2008-09**

**MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS.**

	BLOQUE 1		BLOQUE 2		BLOQUE 3	
MATERIAS COMÚNS	Lengua castellana y literatura I		Ciencias para o mundo contemporáneo		Lingua galega e literatura 2	
	Filosofía e cidadanía		Lingua galega e literatura I		Historia	
	Educación Física		Lengua castellana e literatura II		Filosofía II	
			Lingua estranxeira I		Lingua estranxeira II	
		Relixión				
MATERIAS DE MODALIDADE	Historia do mundo contemporáneo (obrigatoria) e dúas entres as seguintes					
	Latín I	Economía				
	Grego I	Matemáticas aplicadas I				
De 2º			OPCIÓN A	OPCIÓN B	OPCIÓN A	OPCIÓN B
			Grego II/ Historia da Música	Economía e organización de empresas	Latín II	Mate. Aplicadas II
				Historia Arte	Xeografía	
MATERIAS OPTATIVAS	Materia optativa de 1º		Materia optativa de 2º			
	22 períodos lectivos		20 períodos lectivos		21 períodos lectivos	



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



**ANEXO IV**  
**HORARIO DE TUTORÍAS PRESENCIAIS LECTIVAS PARA O BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA**  
**SEMPRESENCIAL. Curso 2008-09**

Curso	Materias comúns	Horas	Materias propias de modalidade	Horas	Materias optativas	Horas	Total Horas
1º	Ciencias para o mundo contemporáneo	1	1ª materia propia da modalidade	1	Materia optativa	1	
	Lingua galega e literatura I	1	2ª materia propia da modalidade	1			
	Lingua castelá e literatura I	1	3ª materia propia da modalidade	1			
	Lingua estranxeira. I	1					
	Filosofía e cidadanía	1					
	Educación física	1					
	Relixión	1					
	<b>Suman</b>	<b>7</b>	<b>Suman</b>	<b>3</b>	<b>Suman</b>	<b>1</b>	<b>11</b>
2º	Historia	1	1ª materia propia da modalidade	1	Materia optativa	1	
	Filosofía II	1	2ª materia propia da modalidade	1			
	Lingua galega e literatura II	1	3ª materia propia da modalidade	1			
	Lingua castelá e literatura II	1					
	Lingua estranxeira II	1					
	<b>Suman</b>	<b>5</b>	<b>Suman</b>	<b>3</b>	<b>Suman</b>	<b>1</b>	<b>9</b>



ANEXO V  
CIRCUNSTANCIAS DE MATRICULACIÓN NO BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS. CURSO 2008-09

<b>BACHARELATO A DISTANCIA, SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICO</b>	
<b>Condições do alumnado</b>	<b>Pode matricularse de</b>
Non ten materias superadas de primeiro curso	Materias de 1º curso exclusivamente que cursará de acordo co establecido na Ore do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27 de xuño.
Con primeiro curso superado, procedente do bacharelato de adultos.	Segundo curso completo ou de materias deste. Este alumnado poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Ore do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
Curso e superou ata o final do curso 2007-08 materias illadas do bacharelato para persoas adultas.	Das materias que desexe, coas limitacións legais xerais. Poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Ore do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
Procede do bacharelato ordinario e ao comezo do ano escolar 2008-09 está en disposición de promocionar a segundo curso (é dicir, con dúas materias non superadas como máximo).	Segundo curso completo ou de materias deste, e as materias non superadas de primeiro, se as tivese. Este alumnado poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Ore do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
Procede do bacharelato ordinario e ao comezo do curso 2008-09 non está en disposición de promocionar a segundo curso.	Daránselle por aprobadas as materias superadas no bacharelato ordinario, anotándose a cualificación obtida en cada unha delas no cadro de materias do novo bacharelato. Poderá matricularse do resto das materias de primeiro curso de acordo co establecido na Ore do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27 de xuño.



ANEXO VI  
CIRCUNSTANCIAS DE MATRICULACIÓN NO BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS. CURSO 2008-09

<b>BACHARELATO PRESENCIAL (TRES BLOQUES DE MATERIAS)</b>	
<b>Pode matricularse de</b>	
<b>Condições do alumnado</b>	
Non ten materias superadas de primeiro curso	Como máximo, das materias que integran o bloque primeiro, que cursará de acordo co establecido na Ore do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27 de xuño.
Con primeiro curso superado, procedente do bacharelato de adultos.	Materias de segundo curso integradas no segundo bloque e, se existe compatibilidade horaria, doutras materias do terceiro bloque, ata completar os 22 períodos lectivos de carga horaria máxima. Este alumnado poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
Superou o bloque primeiro de materias do bacharelato presencial ata o curso 2007-08.	Segundo bloque de materias. Este alumnado poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
Superou o bloque segundo de materias do bacharelato presencial ata o curso 2007-08.	Terceiro bloque de materias. Este alumnado poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
Curso e superou ata o final do curso 2007-08 materias illadas dos bloques de materias do bacharelato presencial.	Das materias que desexe, coas limitacións xerais establecidas para o bacharelato presencial para adultos. Poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo.
Procede do bacharelato ordinario e ao comezo do ano escolar 2008-09 está en disposición de promocionar a segundo (é dicir, con dúas materias non superadas de 1º como máximo).	Das materias de primeiro e/ou segundo curso incluídas en calquera dos bloques de materias, respectando as limitacións establecidas para o bacharelato presencial de adultos. Este alumnado poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xuño.
Procede do bacharelato ordinario e ao comezo do curso 2008-09 non está en disposición de promocionar a segundo curso.	Daránselle por aprobadas as materias superadas no bacharelato ordinario, anotándose a cualificación obtida en cada unha delas no cadro de materias do novo bacharelato. Só poderá matricularse das materias do bloque 1º ou das de 1º curso incluídas no bloque segundo de materias, que serán impartidas de acordo co establecido na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27 de xuño.